

TARXETA XENTE NOVA PARA TRANSPORTE METROPOLITANO GRATUITO. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DENDE O 1 DE XANEIRO ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2022

XUNTA DE GALICIA

Persoas destinatarias

Pode ser titular da Tarxeta Xente Nova calquera persoa con idade comprendida **entre os 4 e os 20 anos de idade**, incluídos. Unha persoa só pode ser titular dunha única Tarxeta Xente Nova.

Tarifa aplicable

Coa Tarxeta Xente Nova saen gratis as viaxes interurbanas no transporte público da Comunidade Autónoma de Galicia, calquera que sexa a súa orixe e destino. Tamén se poderá viaxar gratuitamente nos barcos dos servizos Cangas – Vigo e Moaña – Vigo, así como no tren metropolitano en Ferrol.

En bus.gal pódense consultar os horarios dos servizos de transporte autorizados en cada momento.

Emisión da tarxeta

1. A Tarxeta Xente Nova é expedida por Abanca nunha serie de oficinas das catro provincias.
2. Deberase solicitar cita previa nesta [páxina](#).

Documentación

Para a súa solicitude, deberá presentarse: DNI, NIF, pasaporte, NIE, tarxeta de residente ou outro documento análogo da persoa titular da tarxeta que acredite a súa idade e identidade. No caso de ser menor de idade, deberá achegarse o libro de familia ou documento análogo que acredite a patria potestade ou tutela da persoa que actúe na súa representación, así como o DNI ou documentos análogos desta persoa representante.

A recarga da tarxeta pode facerse nos caixeiros de Abanca ou nas oficinas habilitadas para expedila. Tamén pode ser recargada co móbil ou cun ordenador na Banca Móbil e/ou Banca Electrónica de Abanca. Despois bastará con introducila en calquera caixeiro Abanca para que a carga se faga efectiva.

Procedemento de aplicación da tarifa para a xente nova

A tarifa para a xente nova dará dereito ao reintegro do 100 % do importe das viaxes metropolitanas interurbanas, ata un máximo de 60 viaxes mensuais.

Quincenalmente, a Xunta de Galicia procesará os datos das viaxes pagadas coa Tarxeta Xente Nova para calcular os datos dos reintegros que deben operar respecto de cada tarxeta. Os días 5 e 20 de cada mes poranse á disposición das persoas titulares destas tarxetas os reintegros que lles correspondan para a súa aceptación nos caixeiros da/das entidade/s financeira/s colaboradora/s.

As persoas usuarias disporán dun prazo de **dous meses** para aceptar o reintegro desde a data en que este se pon á súa disposición. No caso de non aceptar a recarga dentro do devandito prazo, esta recarga caducará e perderán o dereito a percibila. As persoas titulares poderán consultar en calquera momento o estado das súas recargas na páxina web: <http://tmq.xunta.gal/consulta-tarxeta>

Obrigas das persoas titulares da Tarxeta Xente Nova

A Tarxeta será de uso exclusivo da súa persoa titular, quen se responsabiliza da súa custodia e correcto uso, e estará obrigada a comunicar á entidade financeira en que se expedise a súa perda ou deterioración para proceder á súa substitución ou anulación.

Extinción do dereito á tarifa para a xente nova

Cando a persoa titular da Tarxeta Xente Nova cumpra os 21 anos de idade, perderá o dereito a beneficiarse desta tarifa, aínda que a poderá seguir usando a tarxeta ata que se esgote o saldo.

Máis información

<https://www.bus.gal/gl/xente-nova>